

**PROGRAMACIÓN ANUAL  
DEPARTAMENTO DE  
ORIENTACIÓN  
CURSO 2021/2022**

**ADDENDA**

## ADDENDA

Os recentes cambios normativos derivados do progresivo desenvolvemento da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE), e os calendarios de implantación dos mesmos, fan necesario introducir algunhas modificacións na programación anual do Departamento de Orientación en relación o traballo a realizar durante o terceiro e último trimestre do curso 2021/2022.

Ditas modificacións son o obxecto desta Addenda, na que, en primeiro lugar recóllense as novidades lexilativas que máis directamente afectan ao funcionamento do departamento, a a continuación abórdanse as áreas, actividades e calendarios que sufren cambios.

### Marco Legal

Respecto do marco legal recollido ao principio da programación anual, teremos presentes os seguintes cambios normativos:

- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia.
- ~~Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG do 07).~~ **DEROGADA**
- ~~Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19).~~ **DEROGADA**
- Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- R.D. 217/2022, de 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as

ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obligatoria.

- R.D. 243/2022, de 29 de marzo, polo que establécese a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obligatoria.
- Orde de 25 de Xaneiro de 2022, pola que actualízase a normativa de avaliación das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A continuación preséntanse, organizadas por ámbitos de actuación, as modificacións na programación do departamento.

### **Plan de Acción Titorial**

1. **Programa de Acollida do alumnado en transición desde a Educación Primaria á Educación Secundaria Obligatoria:** Proponse o adianto das actuacións cos centros adscritos de educación primaria, para que as actuacións con alumnado e familias, e o traspaso de información entre os departamentos de orientación. Este curso é moi importante a información ás familias, xa que o curso 1º da ESO xa vai recoller o currículo e a organización establecida na LOMLOE no próximo curso 2022/2023. Aínda que xa están publicados os R.D., estamos pendentes do desenvolvemento a nivel autonómico de Galicia.
2. **Asesoramento ás persoas titoras** no desenvolvemento de informes, consellos orientadores e outra documentación que incorpore novidades.

### **Plan de Atención á Diversidade**

1. Asesoramento ás persoas titores e conxunto do profesorado na aplicación de medidas de atención á diversidade no 3º trimestre tendo en conta as novidades na normativa. En particular, informes e propostas de reforzo para o alumnado con pendentes.
2. Asesoramento nas xuntas de avaliación tendo en conta os novos criterios de promoción, titulación, e as novidades nos itinerarios para a continuación dos estudos, particularmente do alumnado con NEAE.

3. Asesoramento ao alumnado e familias en relación aos Recursos e Bolsas para a continuación dos estudos e atención á diversidade. É preciso ter en conta o **adianto dos calendarios para a solicitude das Bolsas e outros recursos** do Ministerio de Educación e Formación Profesional para a continuación de estudos nas etapas non obrigatorias (31 de marzo a 12 de maio de 2022), e das Bolsas para o Alumnado con NEAE (esperado para o mes de maio), e do previsible adianto dos calendarios para a solicitude de recursos autonómicos (centros residenciais docentes e outros). Para asegurar que as familias quedan informadas dos cambios, refórzanse a notificación ao través de Abalar, web do centro e información directa por parte das persoas titoras e o departamento de orientación.

### **Plan de Orientación Académica e Profesional**

1. Atención ás novidades relacionadas coa orientación académica e orientación laboral: Asesoramento ao alumnado a ás familias no relativo á nova organización das ensinanzas, novidade na oferta académica do centro e recomendacións para a continuidade nos estudos ou a incorporación ao mercado laboral.
2. Participación do Departamento de Orientación na **proposta e desenvolvemento dos novos Programas de Diversificación Curricular**. Por unha banda, desde o departamento de orientación asesorarase no deseño do programa en sí (a nivel de metodoloxía, organización, propostas de docentes, e outras), e especialmente na proposta e avaliación de alumnado que poda beneficiarse de esta nova medida de atención a diversidade. O procedemento, a realizar no terceiro trimestre, implica aos equipos docentes, persoas titoras, xefatura de estudos, dirección, departamento de orientación, alumnado e familias. Novamente, aínda que o deseño xeral do proceso recóllese na Orde de 8 de setembro de 2021, quedamos pendentes de novos desenvolvementos normativos particularmente do currículo da etapa para realizar o proceso.
3. Propostas de alumnado e asesoramento ao alumnado e familias para a incorporación aos **novos Ciclos Básicos de Formación Profesional**, que veñen a substituír á Formación Profesional Básica. Aínda pendentes de

novos desenvolvementos normativos, adiántase o calendario de solicitudes e matrícula para igualarse cos ciclos de Grado Medio e Superior. O novo procedemento para a incorporación a ciclos básicos require que a proposta sexa autorizada por inspección antes da apertura do calendario, o que implica un adiamento das actuacións no noso centro educativo, que realizaranse íntegramente no terceiro trimestre: proposta e selección de alumnado, información e recollida da conformidade das familias, informes dos equipos docentes, titores e DO, derivación a Inspección Educativa pola dirección do centro, e, unha vez autorizado por ésta, asesoramento ao alumnado e familias nos procesos de solicitude.

4. Asesoramento permanente nos temas que proceda, priorizando a información e atención respecto das novidades.

---

**A Laracha, a 8 de Abril de 2022**